

## PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 25-05-2026, ditou a resolución con número 1435/2026 que deseguido se transcribe:

### RESOLUCIÓN

**Aprobación das bases específicas e convocatoria para a selección do alumnado-traballador/a do Obradoiro Dual de Emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II”, nas especialidades de Montaxe e instalación de construcións de madeira (MAMB0210) e Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais (SSCS0208) do Concello de Carballo e do Concello de Coristanco.**

#### Antecedentes.

**Primeiro.-** Por Resolución do departamento territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (registro de entrada núm. 20260000002110 do 20 de abril de 2026) concedeuse ao Concello de Carballo xunto co Concello de Coristanco o outorgamento dunha subvención por un importe cincocentos un mil cincocentos cincuenta e dous (501.552,00 €) euros para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “OBRADOIRO LUBIÁNS II” que formará a 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos/as en dúas especialidades formativas:

- **MAMB0210.- Montaxe e instalación de construcións de madeira**  
(12 alumnos/as traballadores/as)
- **SSCS0208.- Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais**  
(8 alumnos/as traballadores/as)

De acordo coa citada resolución, a subvención para os gastos salariais dos/as 20 alumnos/as-traballadores/as participantes ascende a 288.664,00 €.

**Segundo.-** En data 21/04/2026 (RE 20260000002201) a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Xunta de Galicia remite as instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación - emprego talento mozo. Convocatoria 2026-2027.

**Terceiro.-** En data 22/12/2025 o Concello de Carballo e o Concello de Coristanco asinan o convenio de colaboración para o proxecto do Obradoiro dual de emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II”.

A estipulación segunda deste convenio dí que: “Se ben os dous Concellos serán equitativamente beneficiarios da subvención conforme ao previsto no artigo 3 na orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, determínase que o Concello da Carballo, por medio do seu Alcalde-Presidente, sexa o representante legal ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e polo tanto o concello petionario da subvención convocada, que se identificará como entidade promotora solicitante

Polo tanto será o Concello da Carballo quen se encargue da tramitación administrativa do expediente de solicitude, mantendo informado en todo momento ao concello de Coristanco. Sen prexuízo dos acordos que puideran ser precisos en cumprimento dos arts. 7, 27 e 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez concedida a subvención será o Concello de Carballo quen realizará as xestións e trámites conducentes á selección e contratación dos alumnos/as-traballadores/as e do persoal directivo, docente e de apoios, sen prexuízo de trasladar oportunamente todo a información que sexa necesaria ao Concello de Coristanco que será

copartícipe na toma de decisións e acordos que deban adoptarse, especialmente aqueles máis relevantes”.

**Cuarto.**- Por Providencia da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 18/05/2026 ordenouse a apertura dun expediente para a selección e contratación temporal do dito persoal.

**Quinto.**- Consta informe xurídico no expediente datado o 20/05/2026. De igual xeito, con data 25/05/2026 a Intervención municipal emite informe favorable.

Á vista do anterior, e en uso das atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

## RESOLVO:

**Primeiro.**- Aprobar as bases para a provisión, como persoal laboral temporal de **20 alumnos/as traballadores/as** para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “OBRADOIRO LUBIÁNS II” do Concello de Carballo xunto co Concello de Coristanco distribuídos/as en dúas especialidades formativas: **MAMB0210.- Montaxe e instalación de construcións de madeira (12 alumnos/as traballadores/as) e SSCS0208.- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (8 alumnos/as traballadores/as).**

O texto das Bases é o transcrito como Anexo ao final da presente Resolución.

**Segundo.**- Convocar o proceso de selección do persoal citado nestas bases mediante a presentación Oferta (tipo T) no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG-Oficina de emprego de Carballo).

As bases remitiranse ao departamento territorial da Coruña (Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego), publicaranse no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)), no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Coristanco ([www.sede.coristanco.gal](http://www.sede.coristanco.gal)), nas páxinas web dos Concellos de Carballo e Coristanco e na oficina de emprego de Carballo.

## **ANEXO.**

**BASES PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE 20 ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DENOMINADO “OBRADOIRO LUBIÁNS II” DO CONCELLO DE CARBALLO XUNTO CO CONCELLO DE CORISTANCO, DISTRIBUÍDOS/AS EN DÚAS ESPECIALIDADES FORMATIVAS: (MAMB0210) MONTAXE E INSTALACIÓN DE CONSTRUCCIÓN DE MADEIRA, CON 12 ALUMNOS/A TRABALLADORES/AS, E (SSCS0208) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS, CON 8 ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS.**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.**

**1.1.-** O obradoiro dual de emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade de persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cofinanciado polo Servizo Público de Emprego Estatal e promovido polo Concello de Carballo xunto co Concello de Coristanco.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal 20 alumnos/as traballadores/as, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “OBRADOIRO LUBIÁNS II”, e que se formarán nunha das dúas especialidades formativas: MAMB0210.- Montaxe e instalación de construcións de madeira (12 alumnos/as-traballadores/as) e SSCS0208.- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (8 alumnos/as traballadores/as).

Dos/as 20 alumnos/as traballadores/as que se contratarán para este proxecto, 13 pertencerán ao Concello de Carballo e 7 ao Concello de Coristanco, sen prexuízo de que, se durante o proceso de selección e á vista dos/as candidatos/as de cada concello, o tribunal poderá modificar esta porcentaxe coa finalidade de que non quede deserta ningunha praza.

As actuacións a realizar na especialidade de montaxe e instalación de construcións de madeira son as seguintes:

- ✘ Renovación, acondicionamento e execución de elementos de carpintería de madeira nas dúas construcións existente na Parcela “R” do Polígono 32 do PXOM do Concello de Carballo (integradas no Horto Ecolóxico).
- ✘ Fabricación e colocación de mobiliario interior no mercado municipal do Concello de Carballo.
- ✘ Construción e colocación de elementos de carpintería de madeira nunha pista multideporte na Praza de Santa Marta do Concello de Coristanco.
- ✘ Extracción da cuberta existente e posterior construción e montaxe dunha nova para o Palco da Música na Praza de Santa Marta do Concello de Coristanco.

As actuacións a realizar na especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais son as seguintes:

- ✘ Colaboración coa Residencia de Persoas Adultas da Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER)
- ✘ Colaboración coa Asociación Íntegro de Persoas con Diversidade Funcioanl da Costa da Morte (ÍNTEGRO)
- ✘ Colaboración co Centro de Día para Persoas Maiores de Carballo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- ✘ Colaboración co Centro de Día para Persoas Maiores da Laracha do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

## 1.2.- Normativa de aplicación.

O procedemento de selección será o que se sinala nestas bases, segundo as directrices da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 228 do 25 de novembro de 2025): Capítulo III- Selección e Contratación-no seu artigo 10 e 11; así como as Instrucións, recibidas da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-2027 (RE.- 20260000002201, en data 21/04/2026).

Ademais terase en conta o artigo 75.-Acceso e a Disposición adicional quinta.- *Titulacións e certificacións equivalentes aos efectos de acceso aos graos C* do R.D. 659/2023 (BOE núm. 174, 22 de xullo de 2023) no que se regula a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

No seu defecto, será de aplicación o disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia e demais disposicións de pertinente aplicación.

## 1.3.- Modalidade contractual.

A modalidade contractual será a dun **“contrato de formación en alternancia”**, de conformidade co previsto no artigo 11.2 do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro de 2015 (E.T).

De acordo co previsto na Disposición adicional segunda do E.T. aos contratos subscritos no marco dos programas públicos de emprego e formación non lles será de aplicación o establecido no artigo 11.2, letras a) e b) , referentes ao límite de idade e duración. Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato

A duración dos contratos será de **9 meses**, sendo a data de inicio, previsiblemente, o 01/06/2026, non obstante esta data pode verse modificada atendendo a casuísticas organizativas e ou de xestión.

A **xornada laboral** será a tempo completo e as persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e as instrucións recibidas.

A **retribución** bruta mensual durante o ano 2026 será de mil catrocentos vinte e catro euros con cincuenta céntimos (1.424,50€), incluída a pro rata de pagas extra (salario: 1.221,00€; prorata extras: 203,50€) e para o ano 2027 á que se estableza como salario mínimo interprofesional para 2027.

## SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

- **Idade:** Ter cumpridos 18 ou máis anos de idade.
- **Situación Laboral:** Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir un contrato de formación en alternancia durante toda a duración do obradoiro dual de emprego, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde do 14 de novembro de 2025.
- **Formación.** As persoas candidatas deberán de posuír a formación mínima esixida para acceder á obtención os certificados de profesionalidade previstos neste obradoiro dual de emprego. Para ambas especialidades formativas -Montaxe e instalación de construcións de madeira e Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais- posúen un nivel de

cualificación 2, para cumprir cos requisitos sinalados nos reais decretos que os regulan, co fin de que unha vez rematada a formación o alumnado traballador poida acadar os correspondentes certificados de profesionalidade (art.10.4.d da orde do 14 de novembro de 2025). Ademais terase en conta o artigo 75.-*Acceso e a Disposición adicional quinta.- Titulacións e certificacións equivalentes aos efectos de acceso aos graos C* do R.D. 659/2023 (BOE núm. 174, 22 de xullo de 2023) no que se regula a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

En ningún caso poderán participar as persoas que xa tiveran cursado o mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que o resultado fora de de apto ou non apto, como así se indica nas instrucións recibidas por parte da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para o procedemento de selección de persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo 2026-2027 no seu cuarto apartado (RE.- 20260000002201, en data 21/04/2026).

En todo caso, terán prioridade as persoas que non participaran nun obradoiro dual ou programa de formación emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.

**Causas de exclusión:** O tribunal **excluirá** do proceso de selección ás persoas candidatas que incumpran con algún dos requisitos mínimos, ás persoas que xa tiveran cursado o mesmo certificado de profesionalidade indistintamente do resultado obtido, persoas que xa participaran en tres obradoiros duais de emprego ou programas de formación-emprego con anterioridade a esta convocatoria ou que non reúnan os requisitos esixibles para asinar un contrato para a formación.

### **TERCEIRA .- PRESENTACIÓN DE OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO.**

A selección do alumnado traballador/a participante no obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIÁNS II" distribuído en dúas especialidades formativas **MAMB0210: Montaxe e instalación de construcións de madeira e SSCS0208: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais** será realizada polo Concello de Carballo xunto co Concello de Coristanco mediante un procedemento específico: **Oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia.**

O Concello de Carballo tramitará a correspondente oferta na Oficina de emprego de Carballo (oferta tipo T na aplicación SICAS). A oficina de emprego realizará a sondaxe tendo en conta aquelas persoas que teñan solicitado algún dos seguintes servizos: 320, 330,340 ou 370.

As ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen en situación administrativa de suspensión 699 "suspensión específica programas experimentais de emprego".

O alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIÁNS II" estará distribuído en dúas especialidades, polo que serán participantes diferentes en ambas accións formativas MAMB0210.- Montaxe e instalación de construcións de madeira, que contará con 12 participantes e SSCS0208.- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, que contará con 8 participantes.

**Localidade:** Ámbito do Concello de Carballo e o Concello de Coristanco. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes do ámbito da oficina de emprego de Carballo, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Serán seleccionados/as como alumnos/as traballadores un total de 20 candidatos/as, trece (13) pertencentes ao Concello de Carballo e sete (7) do Concello de Coristanco. Se durante o proceso de selección e á vista dos/as candidatos/as de cada concello, o tribunal poderá modificar esta porcentaxe coa finalidade de que non quede deserta ningunha praza.

Respectaranse as instrucións recibidas da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (RE.-20260000002201 en data 21/04/2026) no apartado "Selección do alumnado traballador nos programas de emprego para persoas mozas e nos obradoiros duais de emprego" punto 4.- Selección do alumnado traballador dí que: "No

caso dos obradoiros duais de emprego, a sondaxe non debe incluír a persoas que xa parti ciparan en tres obradoiros/programas de formación-emprego con anterioridade a esta convo catoria, agás cando se trate de participación en obradoiros para cursar especialidades forma tivas correspondentes ás familias profesionais agraria relacionados con algún dos seguintes ámbitos: aproveitamentos forestais, xestións de repoboacións forestais e tratamentos silvíco las, xestión de aproveitamentos forestais, repoboacións forestais e tratamentos silvícolas, ac tividades auxiliares en aproveitamentos forestais, actividades auxiliares en conservación e mellora de montes, actividades auxiliares en gandería e calquera outro ámbito dentro desa fa milia que poida estar relacionado; e tamén certificados profesionais da familia profesional de seguridade e medio ambiente relacionados coa vixilancia e extinción de incendios forestais ou coa construción, instalación e mantemento de infraestruturas de prevención e extinción dos ditos incendios. Así mesmo, terán prioridade en todo caso as persoas candidatas que non participaran nun obradoiro/programa de formación emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores. E, de ser o caso, indicar aqueles candidatos que tiveran participado nestas convocatorias a efectos de realizar o baremo de selección. As persoas candidatas que non participaran nas últimas cinco convocatorias deben obter unha puntuación no baremo empregado pola entidade promotora de ao menos un 25% sobre a puntuación desta fase do proceso selectivo”.

#### **CUARTA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

**4.1.-** A Comisión de Avaliación será designada por Decreto da Alcaldía, nun momento anterior ao día fixado para a primeira reunión do dito órgano encargado do desenvolvemento do proceso selectivo, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes e a valoración da proba da fase de oposición.

**4.2.-** Os membros da Comisión de Avaliación deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (de réxime xurídico do Sector Público), notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015.

**4.3.-** A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

**4.4.-** As decisións adoptaranse por maioría simple do grupo validamente constituído. Ademais, a persoa designada como presidente disporá de voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións.

**4.5.-** A Comisión queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

#### **QUINTA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR/A.**

##### **CONCURSO - OPOSICIÓN.**

**5.1.- Sistema de Selección:** o Concello de Carballo tramitará a correspondente oferta na oficina de Emprego de Carballo (oferta tipo T). Recibido o formulario coa relación das persoas preseleccionadas procederase á selección definitiva das persoas candidatas polo tribunal de selección constituído para tal efecto.

**5.2.- Criterios preferentes de selección:** O tribunal de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10.- "Procedemento de selección e contratación do alumnado-traballador" da Orde do 14 de novembro de 2025 e nas instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre a selección do alumnado traballador dos obradoiros duais de emprego referidos nos apartados 4 e 5, segundo baremo que se xunta ao final desta Resolución (RE.- 20260000002201, en data 21/04/2026).

Terán prioridade as persoas desempregadas dos municipios de Carballo e Coristanco, cunha antigüidade no Padrón Municipal de habitantes, xa sexa de Carballo ou de Coristanco, anterior ao

día 20 de abril de 2026 (data da recepción da resolución do obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIÁNS II").

Serán excluídos do proceso de selección aquelas persoas que non reúnan os requisitos esixibles para asinar un contrato para a formación ou non cumpran cos requisitos de formación mínimos esixidos nos certificados de profesionalidade que se van a impartir (nivel II) e no artigo 75.-Acceso e a Disposición adicional quinta.- *Titulacións e certificacións equivalentes aos efectos de acceso aos graos C do R.D. 659/2023 (BOE núm. 174, 22 de xullo de 2023) no que se regula a ordenación do Sistema de Formación Profesional.*

En ningún caso poderán participar as persoas que xa tiveran cursado o mesmo certificado profesional, con independencia de que o resultado fora de superado ou non superado, nin persoas que xa participaran en tres obradoiros/programas de formación-emprego con anterioridade a esta convocatoria.

O número máximo de persoas candidatas a preseleccionar será determinado polo tribunal de selección, e o mínimo será, se é posible, de 3 por praza, segundo o establecido no artigo 10.6 da orde do 14 de novembro de 2025.

**5.3.- Presentación de Instancias:** Concluída a sondaxe, a Oficina de Emprego de Carballo comunicará ás persoas preseleccionadas mediante carta, o lugar, o prazo e a documentación para a presentación de instancias, previamente acordado co Concello de Carballo e o Concello de Coristanco.

Os/as aspirantes, deberán presentar no prazo que se lles indique, a **solicitud** para tomar parte no proceso dirixidas ao Sr. Alcalde do Concello de Carballo conforme o modelo que figura no **Anexo I** e a **documentación** que acredite cada un dos méritos alegados. A solicitude e a documentación presentárase na Sede Electrónica do Concello de Carballo (<https://sede.carballo.gal>), ou nalgúns dos lugares previstos no artigos 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso, de non ser presentado no rexistro municipal, os/as aspirantes deberán remitir un correo electrónico a [xestiondepersoal@carballo.gal](mailto:xestiondepersoal@carballo.gal) coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Na solicitude realizarase unha declaración responsable de que son certos os datos e documentación que se achega coa solicitude, e que reúnen todos os requisitos esixidos nestas bases.

Xunto coa solicitude os/as aspirantes deberán achegar, de forma ordenada, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, NIE ou calquera outro documento de identificación persoal.
- Acreditación da titulación máxima acadada.
- Se é o caso, acreditación das competencias clave adquiridas.
- Informe de Vida Laboral emitido pola Tesourería da Seguridade Social actualizado e de data posterior ao 20/04/2026 (*data da resolución de concesión do obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIÁNS II"*), aínda que o/a aspirante non teña experiencia laboral.
- No caso que proceda:
  - Certificado de discapacidade.
  - Certificado do compromiso IPI (Itinerario Personalizado de Inserción). O/a candidato/a debe acreditar mediante informe de itinerarios e servizos que ten incluído algún dos seguintes servizos nun IPI con anterioridade á data da resolución da adxudicación deste obradoiro dual de emprego (20/04/2026): 320, 330, 340 ou/e 370.
  - Acreditación de ser vítima de violencia de xénero.

A non presentación da referida documentación no prazo establecido conleva que non será obxecto de baremación.

Para que teñan validez neste proceso, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgúns das linguas oficiais na Comunidade Autónoma (galego e ou castelán).

**5.4.- Desenvolvemento do proceso de selección:** Finalizado o prazo de presentación de instancias e, mediante resolución da Alcaldía, aprobarase a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, así como a composición do tribunal. Darase publicidade no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)), no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Coristanco ([www.sede.coristanco.gal](http://www.sede.coristanco.gal)), na oficina de Emprego de Carballo e, nas páxinas web do Concello de Carballo ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)) e do Concello de Coristanco ([www.coristanco.gal](http://www.coristanco.gal)), relacionándose os/as participantes excluídos/as con indicación da causa da súa exclusión.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dous (2) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 69 da Lei 39/2015. A presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Carballo, pode ser comunicada mediante telefax (981 702858) ou e-mail ([xestiondepersoal@carballo.gal](mailto:xestiondepersoal@carballo.gal)) durante o mesmo prazo.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)), no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Coristanco ([www.sede.coristanco.gal](http://www.sede.coristanco.gal)), nas páxinas web do Concello de Carballo e do Concello de Coristanco. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e da celebración da fase de oposición.

De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

A selección dos/as 20 alumnos/as traballadores/as (13 residentes no Concello de Carballo e 7 residentes no Concello de Coristanco) será efectuada polo tribunal de selección mediante un **Concurso-Oposición**. O tribunal seleccionador aplicará o baremo establecido no **Anexo II** (*puntuación máxima 4 puntos*), por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, mediante a documentación presentada polas persoas aspirantes.

Unha vez realizada a baremación de méritos, publicarase a listaxe provisional coas puntuacións outorgadas e concederase aos/as candidatos/as un prazo de dous (2) días hábiles para presentar reclamacións ou alegacións. Transcorrido o dito prazo publicarase a listaxe definitiva, con indicación do lugar, data e hora para a realización da fase de oposición.

A fase de oposición (*puntuación máxima 6 puntos*) consistirá na realización dunha proba escrita tipo test (cunha soa resposta correcta) durante un tempo máximo de 45 minutos e con preguntas relacionadas sobre as seguintes materias:

- **Obradoiro Dual de Emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II”** e a orde do 14 de novembro de 2025 (DOG núm. 228 do 25 de novembro de 2025) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma.
- O municipio do Concello de Carballo. O servizo de Formación e Emprego do Concello de Carballo.
- O municipio do Concello de Coristanco. O Servizo de Economía e Emprego do Concello de Coristanco.
- Certificado de profesionalidade MAMB0210 Montaxe e instalación de construcións de madeira. Obxectivo xeral. Duración. Nivel de cualificación. Unidades de competencia.
- Certificado de profesionalidade SCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. Obxectivo xeral. Duración. Nivel de cualificación. Unidades de competencia.

**5.5.-** A Comisión de Avaliación levantará as correspondentes actas das sesións realizadas e, unha vez rematado o procedemento de selección, remitirá á oficina de Emprego e ao Departamento

Territorial da Coruña (Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego) a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas admitidas e excluídas.

Así mesmo, enviará á Alcaldía do Concello de Carballo a relación de aspirantes por orde de puntuación final acadada, para a tramitación da súa contratación.

**5.6.- Criterios de desempate:** Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- Non ter participado noutro obradoiro dual de emprego.
- O maior tempo acreditado como desempregado/a.
- A puntuación acadada na fase de oposición.
- A puntuación acadada na fase de concurso.
- O/a de maior idade.

## **SEXTA.- CUALIFICACIÓN E RELACIÓN DE APROBADOS/AS. PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO.**

**6.1.- Cualificación dos/as aspirantes.** A Comisión de Avaliación publicará as puntuacións outorgadas no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Carballo, no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Coristanco, así como nas páxinas web do Concello de Carballo ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)) e do Concello de Coristanco ([www.coristanco.gal](http://www.coristanco.gal)), e no Taboleiro da oficina de Emprego de Carballo, debendo establecer un prazo de dous (2) días hábiles para presentar as reclamacións.

Transcorrido o prazo de presentación de reclamacións, a Comisión de Avaliación resolverá as reclamacións presentadas polos/as candidatos/as e publicará a puntuación total definitiva no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Carballo, no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Coristanco, nas páxinas web do Concello de Carballo ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)) e do Concello de Coristanco ([www.coristanco.gal](http://www.coristanco.gal)), e no Taboleiro da oficina de Emprego de Carballo.

A Comisión de Avaliación remitirá á oficina de emprego de Carballo e ao Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas e /ou propostas para participar no proxecto "OBRADOIRO LUBIÁNS II" nas especialidades formativas de Montaxe e instalación de construcións de madeira e Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, como alumnos/as-traballadores/as.

**6.2.- Publicacións e/ou notificacións.** O tribunal de selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas, de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse, cando menos, nos taboleiros de anuncios da oficina de Emprego de Carballo, no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Carballo, no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Coristanco, así como nas páxinas web da entidade promotora ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)) e do Concello de Coristanco ([www.coristanco.gal](http://www.coristanco.gal)), debendo figurar un prazo de dous (2) días hábiles para presentar reclamacións. Unha vez resoltas as reclamacións procederase a publicar nos mesmos medios as listaxes definitivas.

**6.3.-Protección datos de carácter persoal.** De conformidade co disposto na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación ou

cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo.

## **SÉTIMA.- CONTRATACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

**Presentación de documentación.** O/a aspirante proposto/a presentará os documentos que acrediten que compren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

Así mesmo, cando sexa requirido/a, presentará a documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados na fase de concurso para o seu cotexo e compulsa coas fotocopias presentadas xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

**Contratación.** Unha vez presentada a documentación, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as pola Comisión, e será nula a contratación de quen incorra en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

**As persoas que sexan propostas para a súa contratación deben manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto segundo o establecido no artigo 10.4.d da orde do 14 de novembro de 2025.**

Previamente á sinatura do contrato, a/o aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a/o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

## **OITAVA.- NORMAS FINAIS.**

**8.1.-** Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

**8.2.-** Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será a da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos

**8.3.-** Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente o recurso de reposición. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo do que poida exercer calquera outro que considere procedente

**ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA  
SOLICITUDE**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con data de nacemento \_\_\_\_\_  
(anos: \_\_\_\_\_) con DNI núm. \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_  
CP. \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_  
teléfono/s \_\_\_\_\_ correo electrónico \_\_\_\_\_.

**EXPOÑO:**

1.- Que fun preseleccionado/a pola Oficina de Emprego de Carballo para participar na selección de:

- 12 alumnos/as traballadores/as na especialidade de **(MAMB0210) MONTAXE E INSTALACIÓN DE CONSTRUCCIÓN DE MADEIRA** dentro do obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIÁNS II", e desexo participar en dita selección.
- 8 alumnos/as traballadores/as na especialidade de **(SSCS0208) ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS** dentro do obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIÁNS II", e desexo participar en dita selección.

2.- Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude, coñezo e acepto as bases de selección e **DECLARO RESPONSABLEMENTE** que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido/a no proceso de selección para o que fun citado/a pola Oficina de Emprego de Carballo, achegando para estes efectos a seguinte documentación:

- 1)
- 2)
- 3)
- 4)
- 5)
- (...)

En Carballo a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

**Información básica sobre protección de datos**

Acepto a política de privacidade e protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); [dpd@carballo.gal](mailto:dpd@carballo.gal). O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é APDTIC PROFESIONALES S.L. có que poderá contactar en [dpd@carballo.gal](mailto:dpd@carballo.gal). Os datos serán utilizados relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello de Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [dpd@carballo.gal](mailto:dpd@carballo.gal).

Asdo.: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO.

**ANEXO II: BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "OBRADOIRO LUBIÁNS II" PARA A ESPECIALIDADE FORMATIVA DE (MAMB0210) MONTAXE E INSTALACIÓN DE CONSTRUCCIÓN DE MADEIRA E (SSCS0208) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SÓCIAIS.**

**1.-Criterios preferentes. Só puntúa un de cada concepto (puntuación máxima 4 puntos):**

CONCEPTO	PUNTOS
<b>1.- MULLER</b>	
Muller vítima de violencia de xénero	0.20
Muller	0.10
<b>2.- IDADE</b>	
De 18-35 anos	0.60
De 36 a 55 anos	0.40
De 56 anos ou máis	0.10
<b>3.- DISCAPACIDADE</b>	
Por ter recoñecida unha minusvalía igual ou superior ó 33%, sempre que lle permita realizar traballos e prácticas a desenvolver con ocasión da participación no obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIÁNS II"	0.10
<b>4.-EXPERIENCIA LABORAL (Tomarase de referencia o informe de Vida Laboral)</b>	
Ningunha	0
<12 meses	0.20
≥ 12 meses e <24 meses	0.50
≥ 24 meses	0.75
<b>5.-TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (Tomarase de referencia o informe de Vida Laboral)</b>	
<12 meses	0.75
≥ 12 meses e <24 meses	0.50
≥ 24 meses	0.10
<b>6.- FORMACIÓN ACADÉMICA</b>	
Títulos universitarios	0
FPI / Ciclo Medio FP / FPII / Ciclo Superior	0.20
Graduado en ESO, bacharelato, BUP, Competencias clave, acceso a ciclos	0.40
<b>7.-FORMACIÓN PARA O EMPREGO</b>	
Non ter participado noutro obradoiro nos cinco anos inmediatamente anteriores	1
<b>8.- ITINERARIO DE INSERCIÓN LABORAL (IPI)</b>	
Ter incorporado no seu itinerario de inserción laboral algún dos seguintes servizos: 320, 330, 340 e/ou 370, antes da data da resolución do "OBRADOIRO LUBIÁNS II" (20/04/2026)	0.20
<b>9.-TOTAL</b>	Máx.4 puntos

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales